

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 1 DE XULLO DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 181/2002, do 10 de maio, polo que se aproba o Regulamento do xogo do bingo e o Decreto 116/1986, do 4 de xuño, polo que se aproba o catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado vía alta capacidade (VAC) Costa Norte. Treito AG-64 (San Sadurniño) - Campo do Hospital. Subtreito: San Sadurniño-Sanguineira, nos municipios de San Sadurniño e Moeche. (Clave AC/00/062.01.1.1).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se modifica o Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

CESES E NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se dispón o cesamento do presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Decreto polo que se nomea o presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo de participación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia na constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra, para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e se designa un representante para a Comisión Xestora.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Xinzo de Limia para o arranxo de diversos danos ocasionados pola climatoloxía adversa en estradas locais e camiños pavimentados por importe de 169.951,60 euros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ramirás para a execución da rede de saneamento e depuración de augas residuais urbanas en diversos núcleos do concello por importe de 68.735,31 euros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cervo para a construción dunha praza en San Cibrao por importe de 899.999,98 euros.
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declara o proxecto de instalación dunha planta de tratamento de residuos da construción e demolición na Comarca da Limia como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da investigación e a innovación empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, por un importe de dezaoito millóns cincocentos oitenta e dous mil euros (18.582.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións, na modalidade de axudas para proxectos de investigación básica, correspondentes á Orde na que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes ao Programa de promoción xeral de investigación do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010 (Plan galego de I+D+I) e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións correspondentes á Orde pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións correspondentes aos programas sectoriais de Investigación aplicada, PEME I+D e I+D Suma do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013 e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.
- Acordo polo que se validan as actuacións do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) na modificación dos acordos de concesión dunha prórroga na vixencia e modificación das garantías dos avais concedidos a "Elaborados Gallegos, S.A". Expedientes nº AV/0211-1, AV/0211-2, AV/0211-3, AV/0211-4, e AV/0211-5.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Triacastela, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela no espazo público de Ramil.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Arzúa, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Boente de Arriba.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Palas de Rei, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela no espazo público de San Xiao do Camiño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, da Xunta de Galicia e o Concello de Pedrafita do Cebreiro, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela, nos espazos públicos de Fonfría e Liñares.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Paradela, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela, no espazo público da Parrocha.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Melide, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela, no espazo público de Santa María de Melide.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e o Concello de Monterroso, para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela no espazo público da Eirexe.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Medio Rural para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade, para financiar os seus gastos de funcionamento.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa *Fundación Monte do Gozo*, para mellorar a formación e facilitar a reinserción sociolaboral de toxicómanos para impulsar accións formativas destinadas á formación e educación dos beneficiarios do proxecto en valores relativos ao coñecemento e coidado da natureza, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha segunda addenda ao convenio de colaboración subscrito coas confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre, para a execución do proxecto de recuperación da ría de Ferrol (bancos intermareais), pola que se amplía a súa dotación económica en cento cincuenta mil setecentos trece euros con trinta e oito céntimos (150.713,38 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, polo que se regulan as condicións para a canalización de propostas normativas, análise, debate e alegacións aos borradores de modificación das normativas relativas ás confrarías de pescadores, regulamentación dos permisos de explotación e alternancia de artes e regulamentación da pesca deportiva, por un importe de douscentos vinte mil euros (220.000,00 €).
- Acordo do Consello polo que se autoriza a directora da Asesoría Xurídica Xeral comparecer nas dilixencias previas 1093/2009.

INFORMES**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre o anteproxecto de lei reguladora do Consello Galego da Competencia
- Informe sobre a análise da repercusión económica dos incrementos impositivos aplicables no imposto sobre o valor engadido (IVE) a partir do 1 de xullo de 2010.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Centro de Servizos Sanitarios Multicanal: o teléfono único do Servizo Galego de Saúde.
- Informe da vixilancia das augas de consumo público en Galicia. Ano 2009.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA MODIFICA O DECRETO DO XOGO DO BINGO E AUTORIZA OS BINGOS SOCIAIS SEMPRE QUE CUMPRAN DETERMINADAS CONDICIÓN S**

- *O importe total das cantidades aceptadas a un xogador nunha xornada dos chamados bingos sociais non poderán superar os 50 euros, e a suma de todas as cantidades achegadas polos xogadores, non poderá superar os trescentos euros*
- *Haberá novas modalidades de bingo: tradicional, interconexionado, simultáneo e electrónico*
- *Autorízanse medios de pagamento electrónico, sempre que non supoñan operacións de préstamo ou de crédito*

O Consello da Xunta na súa xuntanza semanal aprobou unha modificación do anterior Decreto 181/2002, do xogo do bingo, así como do Decreto 166/1986, do catálogo de xogos, co obxecto principal de formular e desenvolver unha definición conceptual máis ampla do xogo do bingo.

O anterior Regulamento do bingo cualificaba como ilegal e sancionable todas as prácticas de xogo que se desenvolveran á marxe das salas específicas de bingo, salvo o organizado por asociacións sempre e cando foran desenvolvidas nos seus propios locais e exclusivamente para os seus socios. Tiñan que ser asociacións sen fins de lucro inscritas no correspondente rexistro administrativo e cunha existencia legal de cando menos tres anos. As cantidades arriscadas por cada xogador non podían superar os trinta céntimos de euro e tíñase que distribuír en premios entre os participantes a totalidade do recadado.

Coa esta modificación preténdese establecer criterios de natureza cuantitativa que se concretan no importe económico das cantidades xogadas ou apostadas globalmente e tamén das admitidas a cada xogador. Trátase de outorgarlle un razoable tratamento de excepción ás celebracións de xogos que pola súa natureza social ou sociocultural, de entretemento ou diversión, non constitúen un escenario problemático polas cantidades que se cruzan entre xogadores nin supoña competencia desleal para o sector económico do xogo.

Os criterios fixados neste novo decreto son que o conxunto das operacións semanais, entendidas estas como suma de todas as cantidades achegadas polos xogadores, non supere os trescentos euros, e que o importe total das cantidades aceptadas a un xogador nunha xornada non superen os 50 euros. Ademais cando a actividade de xogo se realice en poboacións con máis de 5.000 habitantes segundo o censo de poboación oficial, os organizadores estarán obrigados a comunicar, con anterioridade ao comezo da actividade, á Dirección Xeral de Interior toda a información relacionada co cumprimento dos requisitos previstos, identificar o local onde se celebrará o xogo, así como a identidade das persoas responsables da organización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Novas modalidades do xogo do bingo

Mantendo os aspectos esenciais do xogo do bingo, autorízanse outras modalidades de xogo en formato electrónico, quedando así permitidas: o bingo tradicional, o bingo interconexionado, o bingo simultáneo e o bingo electrónico. A porcentaxe de repartición de premios pasa do actual 63 % ao 61% do valor da totalidade dos cartóns vendidos.

Neste novo decreto recóllense novos soportes e elementos do xogo, actualmente físicos que serían substituídos por soportes electrónicos ou informáticos. Tamén se autorizan medios de pagamento electrónico, sempre que o resultado das operacións realizadas non supoña operacións de préstamo ou de crédito entre a empresa titular do establecemento e o usuario, así como a expedición, logo de autorización de soportes ou tarxetas electrónicas de prepago e reintegro, que se canxeará dentro das dependencias destes establecementos.


Así mesmo, suprímese a limitación que establece o actual decreto, o que impide que unha empresa de bingo sexa titular de máis de 5 salas, por entender que dita restrición carece de apoio legal, non estando prevista ademais en ningún outro subsector, polo que supoñía un trato discriminatorio para as empresas do sector de bingo.

A XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO DOS BENS AFECTADOS POLO PROXECTO DE TRAZADO VAC DA COSTA NORTE NO SUBTREITO SAN SADURNIÑO-SANGUIÑEIRA

- *As obras deste treito iniciaranse ao longo do primeiro semestre de 2011*
- *Con esta actuación preténdese diminuír os tempos de percorrido e aumentar a seguridade viaria, por tratarse dun treito encadrado nas actuacións de mellora das comunicacións na Comunidade Autónoma, posto que a vía Costa Norte articula, xunto coa autovía A-8, todo o territorio norte de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte, no treito AG-64 (San Sadurniño)-Campo do Hospital, no subtreito San Sadurniño-Sanguineira, concretamente entre o punto quilométrico 101+330 no enlace de San Sadurniño e o pk 108+040, no de Saguineira, nos municipios de San Sadurniño e Moeche.

Con este anuncio, a Consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas cumpre o compromiso de ter iniciado o proceso expropiatorio dos primeiros 7 quilómetros do tramo San Sadurniño-Campo do Hospital (1ª fase). Dentro deste ano tamén se iniciará o proceso expropiatorio do tramo Viveiro Sur-Celeiro, polo que en 2010 estará en obras ou en expropiacións 37,11 quilómetros, é dicir, o 43,57% da VAC. Na actualidade están en execución a variante de Ortigueira e o tramo Celeiro-San Cibrao.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Treito Sadurniño-Sanguiñeira**

Esta actuación, beneficiará a máis de 145.000 habitantes dos concellos de Cerdido, Ferrol, Mañón, Moeche, Narón, San Sadurniño, As Somozas, Ortigueira, As Pontes, Xermade e Vilalba.

Obxectivos

A xustificación da urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución desta actuación vén motivada pola necesidade de acadar unha maior capacidade e nivel de servizo que o proporcionado pola actual estrada AC-862. As expropiacións terán un valor de máis de 5,3 millóns de euros, para unha construción que ten un orzamento total de 33,9 millóns.

Con esta obra preténdese diminuír os tempos de percorrido invertidos e aumentar a seguridade viaria. A vía de altas prestacións da Costa Norte articula, xunto coa autovía A-8, todo o territorio norte de Galicia, desde Ferrol ata Ribadeo.

Estas actuacións tamén contribuirán a que o número e a gravidade dos accidentes descendan notablemente, xa que se eliminarán tramos de concentración de accidentes. Así mesmo, proporcionaranse posibilidades de recuperación ao condutor nos casos de perda de control do vehículo e instalaranse elementos de contención que atenúen os efectos de saídas de vía. Tamén se suprimirán elementos de risco e se proporcionarán as mellores condicións de visibilidade posibles.

Por todo, requírese unha actuación que consiste na construción do terceiro treito desta vía, xa que os treitos Variante de Ortigueira e Celeiro-San Cibrao xa están en obras. Para iso, proxéctase a construción dunha única calzada, pero completando a posibilidade dun posterior desdoblamento para a súa conversión en autovía.

Características técnicas

A vía proxéctase para unha velocidade de 100 km/h e estará provista dunha única calzada cun carril de 3,5 metros para cada sentido de circulación, dúas beiravías de 2,5 m cada unha e bermas dun metro, aínda que se ten que deixar preparada para facilitar o seu futuro desdoblamento.

Para levar a cabo esta infraestrutura efectuarase unha escavación de 792.807 metros cúbicos e empregaranse 39.777 toneladas de mestura bituminosa en quente.

Así mesmo, esta estrada terá 2 viadutos; 12 pasos, sendo 7 inferiores, un deles para un paso inferior baixo a vía de ferrocarril FEVE Ferrol-Xixón; e 5 superiores, que permitirán tamén a reposición de estradas e camiños de servizo; unha glorieta elevada, no enlace de Saguíñeira; e distintos muros de escolleira en pé de terraplén. Faranse redes de abastecemento, saneamento e tráfico, así como a drenaxe lonxitudinal e transversal e a sinalización e balizamento, ademais dun punto limpo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O 67% da VAP da Costa Norte estará en servizo ou en obras no ano 2013, porcentaxe que se elevará ao 80% en 2014.

EDUCACIÓN APROBA O DECRETO DE ORDENACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL EN GALICIA, QUE FAVORECERÁ A INSERCIÓN LABORAL

- *Con esta norma desenvólvese a Lei de cualificacións profesionais*
- *A flexibilidade nas ofertas de FP, as linguas estranxeiras, as novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación, e as relacións coas empresas principais novidades do texto*
- *Co fin de favorecer a mobilidade cara á universidade, o alumnado de FP poderá obter a equivalencia dos módulos cursados en créditos ECTS*

Galicia contará o vindeiro curso cun decreto de regulamento da Formación Profesional para formas ás persoas conforme as necesidades do sistema produtivo de Galicia. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a este texto, cuxa elaboración era unha tarefa pendente desde a aprobación da Lei de cualificacións profesionais en 2002 e no que a actual consellería vén traballando desde o inicio da lexislatura.

Con este decreto queda regulada a formación profesional do sistema educativo no ámbito de Galicia, o que permitirá definir os currículos dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de xeito que adapten as novas titulacións ao campo profesional e de traballo da comunidade, e ás necesidades de cualificación do sector produtivo correspondente canto a especialización e polivalencia. Deste xeito, a Consellería de Educación cumpre co seu compromiso de traballar polo fomento da inserción laboral cualificada e unha proxección profesional futura dos titulados de FP.

Flexibilidade da oferta

Entre as importantes novidades deste decreto cabe salientar a flexibilidade das ofertas formativas, con módulos de menor duración que permitan a posibilidade de combinar o estudo coa actividade laboral ou obrigas familiares. A consellería quixo con este texto ofrecer ás persoas adultas a posibilidade de melloraren a súa cualificación profesional, combinando as variables de traballo, responsabilidades persoais e formación permanente ao longo da súa vida. Con este fin, o decreto regula as ensinanzas de formación profesional a distancia, co obxecto de que se lles poidan ofrecer –chegado o momento– ás persoas novas e adultas, como resposta aos seus intereses, e ás súas capacidades e necesidades.

Nesta mesma liña organízanse os módulos en unidades formativas de menor duración que os orixinais, co fin de facilitar a aprendizaxe permanente dos estudantes, cunha maior flexibilidade que permita compatibilizar a FP co desempeño dun posto de traballo; respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

Ademais, e para dar cumprimento ao decreto, cada currículo de grao medio ou superior incluírá a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a prospectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, e a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención.

Linguas e novas tecnoloxías

Pensando no futuro dos nosos estudantes, e de cara a unha maior e máis exitosa inserción laboral cómpre destacar a novidosa incorporación das linguas estranxeiras e das novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) á FP. En virtude deste marco normativo, os currículos dos ciclos formativos poderán incorporar un módulo profesional de lingua estranxeira. Ademais, Educación ha promover accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional para favorecer a súa inserción laboral e a competitividade dos sectores produtivos.

No tocante ás TIC, estas incorporaranse en todos os ciclos formativos de xeito transversal e a través das actividades de ensino e aprendizaxe. Ademais, poderá haber módulos específicos nesta materia en determinados ciclos formativos.

Doutra banda, a Consellería promoverá a colaboración coas empresas, especialmente coas máis implicadas en sectores claves da economía galega e as relacionadas con sectores emerxentes. O obxectivo desta colaboración é que os estudantes poidan realizar o módulo de formación en centros de traballo. Ademais recóllese a actualización profesional das traballadoras e traballadores, así como do profesorado, a través, por exemplo, de estadias temporais dos docentes nas empresas, tanto para a formación do seu persoal como para renovar as súas competencias.

Carnés profesionais

Na liña de preparar as persoas para o mundo laboral, o decreto de ordenación da FP establece que os currículos dos ciclos deberán incluír a formación requirida para a obtención de carnés profesionais, certificados de capacitación profesional ou calquera outro tipo de habilitación que sexa competencia da Xunta de Galicia, e que estean relacionados co nivel e o perfil correspondentes.

Mobilidade

Co fin de favorecer a mobilidade cara ao ensino universitario, o alumnado de grao superior de FP poderá acceder directamente á Universidade desde estes estudos, e ademais obter a equivalencia dos módulos cursados en créditos ECTS (European Credit Transfer System) –ata 120 créditos-. Ademais, todas as alumnas e alumnos de FP poderán obter a equivalencia dos módulos superados en créditos ECVET (European Credit system for Vocational Education and Training).

Así mesmo, determinaranse os accesos a outros estudos, as modalidades e as materias de bacharelato que facilitan a conexión co ciclo formativo, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Empregabilidade e prevención de riscos**

Un dos obxectivos prioritarios do novo decreto é facilitar a incorporación do alumnado de FP ao mundo laboral. Con este fin inclúese un módulo de formación en centros de traballo, para que os estudantes completen a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro. Deste xeito dáse ademais cumprimento ás exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Tamén co fin de achegar as alumnas e alumnos á realidade do mercado de traballo, o módulo de proxecto que, de ser o caso, se inclúa nun ciclo formativo, ha permitir integrar de xeito global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaran no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Finalmente, os currículos de grao medio e superior ao abeiro do texto hoxe aprobado terán un capítulo dedicado á información e á orientación profesional, así como formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA MODIFICA O DECRETO QUE REGULA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO CO FIN DE FACER MÁIS EFICAZ A XESTIÓN ADMINISTRATIVA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 337/2009, do 11 de xuño, mediante o cal se redistribúen as competencias dentro dos Servizos da Subdirección Xeral do Patrimonio Cultural para organizar cunha maior eficacia a tutela do patrimonio cultural*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 337/2009, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica na Consellería de Cultura e Turismo. Aínda que desde a súa aprobación e publicación ten transcorrido un breve período de tempo, razóns organizativas, funcionais e de oportunidade, aconsellan introducir algúns cambios co fin de facer máis eficaz a xestión administrativa.

A modificación aprobada polo Consello da Xunta consiste nunha redistribución de competencias fundamentalmente de dous servizos dentro da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, e responde á necesidade de articular mellor as actuacións nas que se concreta unha eficaz política de tutela do patrimonio cultural.

Por unha banda, co novo *Servizo de Planeamento e Inventario* preténdense dotar de máis relevo e especialización as funcións relacionadas cos plans urbanísticos e de ordenación do territorio. A esta nova unidade corresponderá, entre outras, o importante labor de informar o planeamento, propoñer a delimitación dos Camiños de Santiago e a definición dos contornos de protección dos bens que se declaren de interese cultural, e a redacción, se for o caso, dos seus plans especiais de protección.

Doutra parte, ao *Servizo de Protección e Fomento* encoméndaselle a coordinación e tramitación dos procedementos de autorización de obras e intervencións que afectan os bens incluídos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia e das liñas de axuda instrumentadas cara á súa protección.

Polo que se refire ao *Servizo de Vixilancia e Inspección*, a novidade fundamental establécese no engadido da función de elaboración dun plan anual de inspección, que concrete as liñas de actuación prioritarias da Dirección Xeral neste campo e contribúa a dar mellor seguridade xurídica na interpretación e aplicación da lexislación de protección de patrimonio cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A FRANCISCO HERNÁNDEZ RODRÍGUEZ
PRESIDENTE DO TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA**

- *É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Francisco Hernández Rodríguez como novo presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC).

Nacido en Santiago o 20 de setembro de 1965, Francisco Hernández é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela con premio extraordinario de licenciatura. É ademais, doutor en Dereito pola mesma Universidade cunha tese doutoral sobre 'Dereito da Competencia'. Dende 1996 exerce como profesor titular de Dereito Mercantil nesta Universidade.

Ampliou os seus estudos nos Estados Unidos como bolseiro da Fundación Pedro Barrié de la Maza e especializouse en Dereito da Competencia e regulación dos mercados financeiros na Universidade de Harvard.

Foi subdirector dos servizos xurídicos da Comisión Nacional do Mercado de Valores entre os anos 1997 e 2000. Membro do Instituto de Dereito Industrial da USC; membro académico do Instituto Europeo do bo goberno corporativo (ECGI) e asesor do Goberno de Brasil para a sinatura do protocolo de competencia de MERCOSUR.

Autor da monografía sobre Dereito da Competencia: 'Precios predatorios y Derecho antitrust: un estudio comparado de los ordenamientos estadounidense, comunitario y español'; e coordinador do Manual sobre Dereito da Competencia 'Derecho de la libre competencia comunitario y español'.

É, ademais, autor de numerosos artigos sobre Dereito da competencia comunitario e español, regulación dos mercados financeiros e protección do investidor, publicados en diversas revistas especializadas como son *La aplicación de medidas estructurales en los casos de abuso de posición dominante en el Derecho comunitario de la competencia* e *El abuso de posición dominante en la nueva Ley de Defensa de la Competencia*.

Francisco Hernández Rodríguez substitúe a José Antonio Varela González, que ocupaba este cargo desde o ano 2004.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da XuntaXUNTA E DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA INICIAN OS TRÁMITES PARA
CONSTITUÍR O CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS

- *Ambas as administracións coinciden en que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais xa existentes é a través dun único consorcio*

A Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra inician os trámites necesarios para constituír o Consorcio provincial contra incendios e de salvamento desta provincia coa adopción dun acordo polo Consello da Xunta polo que se designa o director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, como representante da Comisión Xestora encargada da tramitación do correspondente expediente e da elaboración dos Estatutos do futuro consorcio.

A provincia de Pontevedra conta na actualidade con varios consorcios comarcais contra incendios e de salvamento, nos que participan tanto a Deputación como a Xunta de Galicia, pero que funcionan de xeito autónomo como entidades locais independentes. Por iso, tendo en conta a necesidade de dar unha resposta normalizada destes servizos, parece necesaria a súa organización homoxénea en todo o territorio provincial.

Deste xeito, a Xunta e a deputación de Pontevedra, coinciden en que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio, considerando esta fórmula como a organización idónea para facilitar a integración tanto dos actuais consorcios comarcais do Salnés, O Morrazo e Baixo Miño-Condado-Louriña, -logo da súa disolución-, como daqueles outros que no futuro se puideran integrar, construír ou equipar.

A Lei de emerxencias de Galicia establece que a Xunta de Galicia debe impulsar a creación dos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamentos xunto coas deputacións provinciais. Por outra banda, a norma tamén recolle a competencia das deputacións provinciais para garantir o servizo de extinción de incendios e salvamento naqueles concellos que non teñan servizos propios.

MEDIO AMBIENTE ARRANXA DIVERSAS ESTRADAS DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA DETERIORADAS DEBIDO ÁS CONDICIÓN METEOROLÓXICAS ADVERSAS DESTA INVERNO

- *A Xunta financia estes traballos de mellora coa achega dun importe de preto de 170.000 euros*
- *As obras actuarán sobre estradas e camiños danados de localidades como Lamas, Pena, Laroá, Fiestras, Seoane, Gudín, Paredes, Damil, Moreiras, Faramontaos ou Soutelo de Ribeira*
- *O proxecto céntrase primordialmente na rehabilitación da capa de rodadura e en resolver os problemas ocasionados no alumeado público, tanto no derribo de liñas como nos postes das luminarias e nos farois*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración técnico-financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Xinzo de Limia para o arranxo de diversos danos ocasionados pola climatoloxía adversa en estradas locais e camiños pavimentados.

O Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, achega un importe de preto de 170.000 euros para a execución destas obras de mellora no citado municipio ourensán.

O obxecto destes traballos é levar a cabo o acondicionamento de diversas estradas, que foran deterioradas debido ás condicións meteorolóxicas adversas, no inverno 2009-2010. Estas vías demandan un arranxo para favorecer a boa circulación tanto de vehículos coma o bo tránsito de peóns.

As actuacións previstas de reparación de camiños municipais efectuaranse na estrada que vai de Lamas á Bruxeira e nos núcleos de Lamas, Baronzas, Pena e a zona de Moreira. Tamén serán obxecto dos arranxos as vías das localidades de Seoane, Fiestras, Santa María de Laroá, San Pedro, Damil, Parada de Ribeira, Ganade, Soutelo de Ribeira, Gudín, Faramontaos, Moreiras e Paredes.

Rehabilitación

O proxecto céntrase primordialmente na rehabilitación da capa de rodadura das estradas dos citados núcleos, xa que as chuvias provocaron arrastres de terras. Tamén se resolverán os problemas ocasionados no alumeado público, tanto no derribo de liñas como nos postes das luminarias e nos farois.

Os traballos que se van realizar consisten no saneamento dos danos nas vías coa limpeza e preparación das fochancas que se van reparar, procedendo á fresadura, movementos de terra, arranxo de foxos e estendedura de formigón. Unha vez limpadas as fochancas, efectuaranse as achegas precisas de aglomerado asfáltico para o recheo e nivelación destes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione aos usuarios unha forma de condución cómoda e segura. Incrementase a seguridade, reducindo consecuentemente os sinistros e facilítase o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Neste contexto, a Xunta en colaboración co Concello de Xinzo de Limia, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade de acadar un desenvolvemento económico e social que proporcione unha maior calidade de vida aos seus cidadáns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**VARIAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE RAMIRÁS CONTARÁN CON NOVOS SERVIZOS DE SANEAMENTO GRAZAS AO INVESTIMENTO DE CASE 69.000 EUROS**

- *As melloras beneficiarán as parroquias da Costa, Mosteiro, Castro, Outeiro e Santa Rosa de Mosteiro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de case 69.000 euros no concello de Ramirás co fin de executar as obras necesarias para dotar as parroquias da Costa, Mosteiro, Castro, Outeiro e Santa Rosa de Mosteiro no dito municipio ourensán dos servizos mínimos de saneamento.

As actuacións que se van levar a cabo consisten en acometer obras de mellora da rede de saneamento nas citadas parroquias deste concello ourensán, xa que, neste momento, a zona onde se levarán a cabo as actuacións presenta un déficit importante.

Compromiso das partes

O convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Ramirás aprobado hoxe implica que o dito municipio debe levar a cabo varias actuacións como redactar o proxecto técnico das obras; constatar a previa dispoñibilidade dos terreos; asumir as xestións pertinentes para obtención de permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren e levar a cabo a contratación, execución, dirección e control das obras, ademais de formalizar os actos de recepción destas, así como asumir as obrigas económicas que non excedan do importe consignado no convenio.

Así mesmo, unha vez realizadas as obras a explotación, mantemento e conservación destas.

Pola súa banda, o departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante estes investimentos, pretende resolver as carencias en infraestruturas en concellos que teñen un orzamento insuficiente para financiar estas. Así, proporciona mellores condicións de vida aos habitantes e fomenta o desenvolvemento económico dos municipios galegos. Neste caso, os cidadáns directamente beneficiados son os máis de 2.000 veciños dos núcleos de Ramirás.

MEDIO AMBIENTE FINANCIA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PRAZA PÚBLICA EN SAN CIBRAO, NO CONCELLO DE CERVO, CUN INVESTIMENTO DE 900.000 EUROS

- *O obxectivo deste proxecto é conseguir a revitalización dos espazos públicos para uso dos seus habitantes, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida*
- *Estas accións forman parte do Plan HURBE, proxecto que busca un programa de mellora da calidade dos espazos urbanos*
- *A superficie comprendida polo ámbito de actuación é de 6.470 m²*
- *As accións centraranse na execución de pavimentos, instalación da rede de saneamento, distribución de auga potable e subministración eléctrica*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cervo para a construción dunha praza en San Cibrao.

A Xunta de Galicia achega preto de 900.000 euros distribuídos en tres anualidades que se corresponden cos anos 2010, 2011 e 2012, para a execución desta nova localización que se situará entre a avenida da Mariña e a rúa Beiramar.

O obxectivo deste proxecto, enmarcado no Plan *Hurbe*, é conseguir a revitalización e adecuación dos espazos públicos para uso e goce dos seus habitantes, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida.

A superficie comprendida polo ámbito de actuación é de 6.470 metros cadrados. A praza, substituirá os edificios e outros espazos que actualmente ocupan a parcela, coa finalidade de que o dito espazo se poidan desenvolver actividades de ocio e espallamento ademais doutras ao aire libre como o mercado semanal, xogos infantís e prácticas deportivas.

A acción consiste no deseño espacial que recolle dúas zonas de arboredos a modo de boulevard, formados por unha aliñación de árbores que se sitúan paralelas aos edificios existentes, xerando un espazo estático destinado ao repouso. Tamén quedará un gran espazo central, localizado entre ambas as aliñacións de árbores, cunha clara vocación dinámica para o desenvolvemento das citadas actividades.

A actuación tamén prevé crear, entre a rúa das Figueiras e a rúa Beiramar, espazos destinados a albergar actividades deportivas, zona de xogos infantís e unha área destinada a albergar o aparcadoiro público na rúa da Mariña.

As accións necesarias máis destacables centraranse na execución de pavimentos, utilizando materiais tan diversos como o formigón, asfalto, granito, céspede e grava. Tamén se implantará a rede de saneamento, proxectando un sistema de separativo,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

mediante a renovación de redes de fecais, que dá servizo á edificación existente tanto na praza como na rúa das Figueiras.

Os traballos prevén a instalación da rede de distribución de auga potable, complementándose con bocas de rega e incendio que sexan necesarias. Tamén se colocará a subministración eléctrica, alumeado público e telefonía.

Plan *HURBE*

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, proxecto que busca un programa de mellora da calidade dos espazos urbanos. O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adecentamento os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

A XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL A INSTALACIÓN DUNHA PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS DA CONSTRUCCIÓN NA COMARCA DA LIMIA

- *A infraestrutura localizarase nos terreos dunha canteira abandonada de 21.283 metros cadrados situada nos núcleos de Morgade e A Pena*
- *A parcela linda coa estrada que une as localidades de Xinzo e Vilar de Barrio (OU-1102), na marxe esquerda, a través da cal ten o seu acceso*
- *O obxectivo fundamental é lograr a recuperación ambiental dunha zona degradada, a través da recuperación da topografía do terreo*
- *Os proxecto tamén recolle fases de traballo como a selaxe, integración paisaxística e revexetación con diversas especies autóctonas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas declara de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial de instalación dunha planta de tratamentos de residuos da construción e demolición na comarca da Limia, na provincia de Ourense.

A nova infraestrutura localizarase nos terreos dunha canteira abandonada, empregada como vertedoiro incontrolado, de 21.283 metros cadrados, situada nos núcleos rurais de Morgade e A Pena, pertencentes ao municipio de Xinzo de Limia.

A parcela, que se atopa moi degradada ambientalmente a consecuencia tanto da actividade como polas verteduras incontroladas e residuos que acumula, linda coa estrada que une as localidades de Xinzo de Limia e Vilar de Barrio (OU-1102) na marxe esquerda, a través da cal ten o seu acceso.

Entre os obxectivos que se pretenden acadar coa realización deste proxecto, defínense dous de maior importancia: en primeiro lugar, dotar dunha instalación para o tratamento de residuos da construción e demolición, e en segundo lugar, lograr a recuperación ambiental dunha zona degradada, a través da recuperación da topografía do terreo.

O proxecto para a posta en marcha da planta tamén recolle fases de traballo como a selaxe, a integración paisaxística e a revexetación con diversas especies autóctonas.

O departamento que dirixe Agustín Hernández tenta solucionar o problema da aparición de verteduras incontroladas, facilitando o acceso a instalacións adecuadas para o tratamento destes refugallos.

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas considera necesaria a construción dunha planta destas características que cubra a comarca da Limia, posto que na provincia de Ourense unicamente existen dúas localizadas en Xunqueira de Espadañedo e Leiro.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINARÁ 62,2 MILLÓNS DE EUROS Á INNOVACIÓN EMPRESARIAL E Á INVESTIGACIÓN BÁSICA E APLICADA

- *As axudas serán convocadas proximamente a través dos programas sectoriais, do Programa de Innovación Empresarial e do Programa Xeral de Investigación do Plan Galego de I+D+I*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de anticipos de ata o 80% da contía total da subvención concedida a proxectos*
- *As empresas solicitantes da Rede XIGA terán entre 14 e 18 puntos adicionais de valoración no proceso de adxudicación de subvencións*

A Consellería de Economía e Industria convocará nos próximos días axudas por valor de 62,2 millóns de euros para incentivar a innovación empresarial e a investigación básica e aplicada. A maior parte desta contía irá destinada á realización de proxectos por parte de empresas, centros tecnolóxicos e grupos de investigación das universidades e dos centros públicos de I+D, con anticipos de ata o 80%, como quedou aprobado na reunión semanal do Consello da Xunta que tivo lugar hoxe.

As axudas serán convocadas proximamente pola Dirección Xeral de I+D+I a través dos programas sectoriais, do Programa de Fomento da Investigación e da Innovación Empresarial e do Programa Xeral de Investigación do Plan Galego de I+D+I. No caso dos dous primeiros, destinados principalmente ás pemes galegas, as que se rexistrarán como solicitantes de xestores innovación da Rede XIGA no proceso que a Xunta mantén aberto ata o próximo 12 de xullo obterán unha puntuación adicional de 18 puntos para os programas sectoriais e de 14 puntos para o Programa de Innovación Empresarial.

Programas sectoriais

Os programas sectoriais están dotados para esta convocatoria de 2010 cun total de 37,5 millóns de euros. As axudas están destinadas principalmente a empresas, aínda que tamén se recollen como beneficiarios outros axentes do Sistema Galego de Innovación, para realizar proxectos de I+D+I aplicada coa finalidade de darlles resposta ás necesidades dos sectores estratéxicos e de contribuír á competitividade, modernización e diversificación da economía.

Os proxectos serán individuais ou cooperativos e poderán ser desenvolvidos en períodos de tempo de entre un e tres anos como máximo, sempre que o seu inicio teña lugar en 2010. O sector de actividade de referencia do proxecto deberá estar entre os seguintes: medio rural; medio mariño; recursos enerxéticos e mineiros; medio natural e desenvolvemento sustentable; biomedicina e ciencias da saúde; tecnoloxías da alimentación; tecnoloxías dos materiais e da construción; deseño e produción industrial; tecnoloxías da información e as comunicacións; sociedade da información; sociedade e cultura; e, por último, turismo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Este programa está estruturado en tres liñas de actuación. A de Investigación Aplicada está destinada a proxectos de grupos de investigación de universidades e centros públicos de I+D que teñan como finalidade xerar resultados aplicables e transferibles ao tecido empresarial, cunha duración de ata tres anos. O programa PEME I+D diríxese a incentivar o proceso innovador nas pequenas e medianas empresas, aínda que tamén se prevé o apoio a iniciativas desenvolvidas por grandes empresas, con base nos proxectos de investigación industrial ou desenvolvemento experimental en calquera dos doce sectores de referencia. Finalmente, mediante I+D Suma apoiaranse proxectos de maior impacto desenvolvidos de forma cooperativa por diversos axentes do sistema (empresas, centros tecnolóxicos e grupos de investigación).

Programa de Innovación Empresarial

O Programa de Fomento da Investigación e da Innovación Empresarial, que comprende todas as accións e instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación en calquera punto da cadea de valor e en todos os procesos da empresa, terá unha dotación de 18,5 millóns de euros para a convocatoria de 2010. As axudas irán destinadas a subvencionar proxectos desenvolvidos por empresas de ata dous anos de duración e tamén a darlle soporte ao funcionamento das plataformas tecnolóxicas.

As empresas poderán solicitar subvencións para a realización de estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para as actividades de I+D+I; para o desenvolvemento de proxectos de innovación empresarial, individuais ou cooperativos, en materia de proceso e organización (producción, márketing e loxística); e para cofinanciar proxectos de I+D+I non rematados e que son obxecto de axuda ao abeiro de convocatorias estatais ou internacionais. Ademais, nesta convocatoria está prevista a concesión de axudas ás empresas para a preparación de novos proxectos para presentar a convocatorias de axudas estatais e internacionais (Programa Marco, programas de innovación da UE, Eureka, Iberoeka, CDTI, PROFIT, etc.)

Para os centros tecnolóxicos e para os clústers empresariais galegos prevese a concesión de subvencións destinadas ao funcionamento das plataformas tecnolóxicas existentes en Galicia. O obxectivo final é promover o desenvolvemento de proxectos de cooperación no marco da axenda estratéxica de investigación definida por cada plataforma e que supoñan a participación en programas estatais e internacionais de I+D+I por parte das empresas e doutras entidades adheridas a ela. Este ano inclúese como novidade na convocatoria o condicionamento no financiamento das plataformas con base en criterios de retornos obtidos a partir da actividade para a que se solicita financiamento.

Promoción Xeral da Investigación

Nos próximos días serán convocadas tamén as axudas do Programa de Promoción Xeral de Investigación (PXI), que teñen como obxectivo darlle soporte a proxectos e outras accións encamiñadas á xeración de novo coñecemento sen os condicionamentos do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

mercado ou dunha produtividade inmediata, é dicir, o que se coñece como investigación básica. Este programa está dotado con 6,2 millóns de euros para iniciativas cunha duración máxima de tres anos.

A finalidade destas axudas, abertas a grupos de investigación das universidades e centros públicos de I+D, é identificar a investigación básica de excelencia, investir na dotación dos recursos necesarios e propiciar unha actividade investigadora de calidade e con capacidade para competir no ámbito internacional. Neste marco, as subvencións que se convocan están destinadas á realización de proxectos de investigación básica, á elaboración de propostas para o VII Programa Marco da UE e á organización e asistencia a congresos e cursos científicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA APROBA A PRORROGA DE AVAIS POR VALOR DE 761.269 PARA APOIAR O REFINANCIAMENTO DE PASIVOS DE ELGASA**

- *As garantías que vén de autorizar o Consello da Xunta permitiranlle á empresa refinciar os seus pasivos a curto prazo*
- *Elaborados Gallegos dedícase á transformación e elaboración de produtos pesqueiros e emprega a 59 traballadores*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Economía e Industria para que, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), prorrogue avais por valor de 761.269 euros á empresa Elaborados Gallegos S.A. (Elgasa), co obxectivo de que a sociedade, que emprega 59 traballadores, poida superar as tensións de tesouraría e refinciar a longo prazo os seus pasivos a curto, mediante préstamos bancarios por un importe de global de 1 millón de euros, garantidos en parte polo Igape.

Elaborados Gallegos vén mostrando unha evolución satisfactoria da súa actividade desde que impulsou a súa restructuración financeira, en 2005, no marco dunha operación que contou con financiamento bancario avalado parcialmente polo Instituto Galego de Promoción Económica, mediante préstamos que vencían este ano. Para manter o seu financiamento operativo con normalidade e refinciar os pasivos a curto prazo, a empresa solicitou a prorroga dos avais durante outros 5 anos, segundo as operacións autorizadas agora polo Consello da Xunta.

Elaborados Gallegos, S.A. constituíuse en Vigo en setembro de 1992, e vén desenvolvendo a actividade de transformación e elaboración de produtos pesqueiros, para a súa comercialización en fresco e conxelado, en diferentes formatos e envases. Estas mesmas actividades viñan sendo desenvolvidas polos seus promotores con anterioridade, acumulando máis de 50 anos no sector.

Os produtos de Elaborados Gallegos, S.A. son comercializados no mercado nacional e europeo, e son pioneiros en distintas liñas de fileteados en fresco. Entre as que se pode mencionar o filete bacallao, filete granadeiro, filete halibut e filete rosado. No mercado do produtos conxelados, a sociedade abrangue todas as gamas de produtos que se van elaborar, destacando o lombo de espada, lombo atún, o lombo tintoreira ou o toro espada.

As vendas realizadas pola empresa no territorio nacional acadan un 40% da facturación. As vendas realizadas no exterior son fundamentalmente a países da Unión Europea. O peixe fresco é vendido integramente no territorio nacional e supón un 20% das vendas nacionais.

A Consellería de Economía e Industria, da man do renovado Instituto Galego de Promoción Económica, concedeu durante o ano pasado avais por importe de 137 millóns de euros, un 146% máis que no ano anterior.

AUTORIZADOS SETE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COS CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS PARA A POSTA EN VALOR DE ESPAZOS PÚBLICOS

- *O Consello da Xunta vén de formalizar os acordos cos concellos de Arzúa, Monterroso, Palas de Rei, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Melide e Paradela para que poñan á disposición da Consellería de Cultura e Turismo os terreos necesarios para a execución das obras*
- *A Consellería de Cultura e Turismo e o Ministerio de Fomento cofinanciarán as obras en oito tramos da ruta xacobeá ao seu paso polas sete localidades cun investimento de 1.746.185 euros do orzamento total*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a formalización de sete convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e os concellos de Arzúa e Melide (A Coruña); e Monterroso, Palas de Rei, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela e Paradela (Lugo) para o financiamento das obras de posta en valor dos espazos públicos do Camiño Francés ao seu paso polos sete concellos.

Cos acordos formalizados, os concellos porán á disposición da Consellería de Cultura e Turismo os terreos necesarios para a execución das obras. Deste xeito fináncianse oito tramos da ruta xacobeá nas sete localidades cun investimento de 1.746.185 euros do orzamento total.

O obxecto dos convenios é regular as bases de colaboración para a realización das obras de posta en valor do Camiño Francés a Santiago de Compostela entre os sete concellos do Camiño Francés e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Turismo, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural que están sinalados no seu programa de obxectivos.

Actuacións na Coruña

Investiranse 243.318 euros na parroquia de Boente de Arriba (Arzúa) para a súa posta en valor. A actuación céntrase na substitución e soterramento do cableado aéreo e na mellora das instalacións de saneamento, abastecemento e recollida superficial de augas pluviais. Recóllese ademais a pavimentación das zonas de paso e os espazos de estancia. Na zona baixa da fonte e o cruceiro realizarase una nova pavimentación que se estenda atravesando a superficie da pista e substituíndo a beirarrúa. Deste xeito, preténdese poñer en valor a zona máis representativa da aldea, sinalando a presenza do Camiño.

Para o acondicionamento do espazo público nas proximidades a igrexa de Santa María, en Melide, realizarase un investimento de 243.313 euros. En primeiro lugar, preténdese liberar visualmente este espazo dos cables aéreos e os postes dos tendidos de electricidade e telefonía a través do seu soterramento. Aproveitarase para substituír os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

elementos de alumado público existente e redefinir o pavimento existente, organizando os usos do espazo e marcando a linealidade do Camiño para definir un ámbito onde poidan aparcar temporalmente os vehículos. A actuación mellorará diversos elementos do contorno que conforman as vivenda, actualmente moi desordeados, tales como pavimentos, bancadas, zonas de terra e pequenos peches.

Actuacións en Lugo

O proxecto para San Xiao do Camiño (Palas de Rei) establece un investimento de 243,099 euros para eliminar os elementos engadidos en desacordo co ambiente tradicional e rural. Recóllese a construción dun muro no extremo este do núcleo para o mellor funcionamento da rede de recollida de augas e evitar a presenza de terra arrastrada pola chuvia ao longo do Camiño. Recuperaranse os hórreos situados no contorno inmediato do camiño e soterraranse as liñas eléctricas.

En Erixe, Concello de Monterroso, actuarase para destacar o valor arquitectónico e simbólico do cruceiro situado ao carón do Camiño e a igrexa de Santiago así como dun punto de confluencia de camiños, enclave rural cunha singular carballeira que posibilita o repouso do viaxeiro. Investiranse 126.751 euro na pavimentación do contorno do cruceiro e a construción dun muro de peche de cachotería que chegue ata igrexa. Na carballeira organizarase o tráfico, eliminarase a superficie asfaltada e recuperarase como superficie orixinaria de terra ao tempo que se dotará a zona de material urbano.

Na aldea da Parrocha, no concello de Paradela, realizarse un investimento de 227.212 euros para o soterramento das instalacións aéreas, saneamento e abastecemento de auga, para o que levantará o pavimento asfáltico e realizando un novo de formigón lavado. Trataranse tamén as intervencións desafortunadas, como os muros de ladrillo ou bloque de formigón. Do mesmo xeito, repararanse e pintaranse as carpinterías de madeira, taparanse os contedores e unha fosa séptica, iluminarase a rúa con focos nas fachadas e se construírá unha zona de descanso.

Na aldea de Ramil, en Triacastela, investiranse 242.516 euros para a reparación dunha pequena praza e as rúas colindantes. Empregaranse materiais e técnicas construtivas tradicionais. Corrixírase tamén o efecto negativo dos tendidos aéreos das instalacións, soterrando todas as liñas. A nova pavimentación proposta recupera a solución tradicional en chapacuña, con pezas de cuarcita de grao fino, idénticas as das fachadas das edificacións tradicionais do núcleo. Recóllese a realización dun tratamento fitosanitario dos castiñeiros centenarios.

En Liñares, Pedrafita do Cebreiro, destinaranse 210.362 euros para posibilitar na entrada á aldea a recollida de augas do camiño e acondicionar o espazo circundante á fonte lavadoiro. No núcleo habilitaranse dúas zonas de aparcadoiro e diferenciarase o espazo cun pavimento novo. Diante da igrexa substituírase o pavimento actual e colocaranse dous bancos, xerando un espazo de estancia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No mesmo concello de Pedrafita está programada outra intervención no núcleo de Fonfría, cunha inversión de 209.609 euros. Trátase de mellorar a zona recuperando os espazos públicos e xerando dous puntos de estancia dentro do núcleo. Construirase un novo lavadoiro con materiais tradicionais e pavimentarase a entrada ao adro da igrexa. Abrirase tamén unha nova entrada para facilitar o acceso do gando ao bebedeiro e evitar a súa circulación pola estrada. Na zona de acceso á igrexa ábrese outra nova porta para facilitar o acceso aos peregrinos en bicicleta. Para minorar o impacto visual dos silos e a nave gandeira situados nesta zona proxéctase a plantación dunha barreira vexetal. Por último, substituirase o alumeadado público existente e soterraranse as liñas eléctricas, ademais de renovar a rede de pluviais e solucionar a recollida de augas.

Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños

Con este programa de actuacións previstas nos tramos do Camiño Francés que precisen unha meirande urxencia, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incide directamente e de xeito inmediato sobre a configuración dos propios camiños de peregrinación, dos lugares de reunión e de uso que se estruturan ao seu redor e dos elementos esenciais que os bordean, limitan e lles dan forma. O obxectivo é que este Plan de actuacións poda ampliarse a todos os Camiños de Santiago.

Estes traballos enmárcanse no Plan de Restauración e Posta en Valor dos Camiños de Santiago elaborado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que pretende rehabilitar e acondicionar os espazos públicos, carballeiras e patrimonio etnográfico do seu contorno co obxectivo de mellorar as condicións para o uso dos seus habitantes e dos peregrinos destas rutas. O programa de intervencións nos espazos públicos propón a recuperación sustentable e a posta en valor dos lugares de uso comunitario (prazas, fontes ou lavadoiros) que serven de punto de encontro para a celebración de reunións, festas ou actividades comúns nos núcleos rurais. Son espazos de intercambio de cultura e coñecementos que fomentan as actividades sociais e que son sinais de identidade propios e singulares da nosa paisaxe cultural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO RURAL AXUDARÁ ÁS VINTE DÚAS DENOMINACIÓNS DE CALIDADE A SUFRAGAR OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO**

- *A contía total para esta liña de axudas ascende a 559.500 euros*
- *Os importes propostos son considerados básicos para o funcionamento destas denominacións no ano 2010*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural a conceder subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por importe total de 559.500 euros.

Co fin de protexer e tipificar os produtos galegos de calidade e de garantir a súa orixe xeográfica e a súa calidade, a Consellería do Medio Rural ten entre as súas accións principais o fomento das denominacións de calidade no sector agroalimentario. Os importes propostos son considerados básicos para o funcionamento destas denominacións no ano 2010. Para a súa distribución aplicáronse os criterios de maior dispersión xeográfica, o valor porcentual dos ingresos propios, os gastos de persoal e de desprazamentos necesario en razón do volume anual de traballo e por mor dos programas de control e certificación implantados para cada produto.

Importe

As denominacións de calidade de Augardentes e Licores Tradicionais xunto coas de Monterrei, Lacón Galego, Pataca de Galicia e Mel de Galicia percibirán cada unha delas 35.000 euros; mentres que as denominacións de San Simón da Costa e Ribeiro recibirán unha suma de 30.000 euros. Pola súa parte, os viños do Ribeiro, Valdeorras, Rías Baixas e Ribeira Sacra percibirán 25.000 euros ao igual que Ternera Gallega, Agricultura Ecolóxica e os queixos Tetilla, Cebreiro e Arzúa-Ulloa.

Cunha contía menor, as indicacións xeográficas protexidas de Castaña de Galicia e Grelos de Galicia beneficiaranse de 18.500 euros en axuda, mentres que os pementos de Herbón e do Couto, xunto coa Tarta de Santiago e a Faba de Lourenzá percibirán 15.625 euros.

MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO TRABALLARÁN XUNTAS NA REINSERCIÓN SOCIOLABORAL DE TOXICÓMANOS

- *Ambas as partes asinarán un convenio de colaboración co fin de impulsar accións formativas no coidado da natureza*
- *O convenio ten carácter bianual cun importe total de 36.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura, por parte da Consellería do Medio Rural, dun convenio de colaboración coa Fundación Monte do Gozo para a reinserción sociolaboral de toxicómanos, co fin de impulsar accións formativas destinadas á educación dos beneficiarios do proxecto en valores relativos ao coñecemento e coidado da natureza.

A Fundación Monte do Gozo poñerá á disposición da Consellería os medios dos que dispón na Comunidade Terapéutica de Cernadas, no Val do Dubra (A Coruña), e responsabilizarase da realización das actividades.

Asesoramento

Pola súa parte, Medio Rural controlará as citadas actividades e asesorará aos beneficiarios da Fundación. O convenio ten carácter bianual, cun importe total de 36.000 euros, a razón de 30.000 euros para o ano 2010 e 6.000 para o ano 2011.

OS MARISCADORES DE A PÉ DE FERROL E BARALLOBRE BENEFICIARANSE DA AMPLIACIÓN DE CRÉDITO DESTINADO Á RECUPERACIÓN PRODUTIVA DOS SEUS BANCOS MARISQUEIROS

- *O Consello da Xunta aprobou a segunda addenda ao convenio asinado entre a Consellería do Mar e as confrarías de Ferrol e Barallobre cun incremento económico de 150.713,38 euros*
- *Con esta cantidade refórzanse as tarefas de rexeneración da zona adaptando o convenio ás necesidades e intereses que xorden para manter a produtividade dos bancos marisqueiros*

Os mariscadores de a pé de Ferrol e Barallobre beneficiaranse da ampliación de crédito destinada á recuperación produtiva dos seus bancos marisqueiros. Así o establece a segunda addenda do convenio asinado entre a Consellería do Mar e as confrarías de Ferrol e Barallobre o 20 de xaneiro de 2010, que hoxe aprobou o Consello da Xunta. Esta modificación do convenio supón un incremento de 150.713´38 euros sobre o crédito destinado aos labores de rexeneración dos bancos de marisqueo a pé das confrarías de Ferrol e Barallobre.

Deste xeito destínase ao convenio vixente desde o 1 de maio ata o 31 de agosto, un total de 291.129,52 euros, que será cofinanciado polo Fondo Europeo da Pesca nun 61 %, correspondendo o 39% restante á Consellería do Mar. Así refórzanse as tarefas de rexeneración adaptando o convenio ás necesidades e intereses que xorden para manter a produtividade dos bancos marisqueiros.

Esta adición xurdiu a raíz das variacións detectadas na parte interna da ría de Ferrol a través dos controis realizados polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar), concretamente nos bancos intermareais da praia de Maniños e Barallobre, que pasan a ser clasificados como C. A isto hai que engadir que as condicións sanitarias das augas non fan esperable unha mellora de cara aos vindeiros meses, por iso mentres a Xunta traballa ante a UE na procura dunha moratoria das zonas C, decidiu reforzar as tarefas que abrangue este convenio cun maior importe económico.

Con estas variacións todas as zonas de marisqueo a pé da confraría de Barallobre pasan a ser C, o que se materializará na modificación da orde do 8 de setembro de 2006, que regula esta materia que actualmente está sendo tramitada. A clasificación C non permite na actualidade a extracción de moluscos bivalvos para a súa comercialización en fresco. Ademais a inactividade provoca a acumulación de lodos nos bancos de maneira prexudicial para á súa produtividade. De aí que se aumente o crédito para reforzar as tarefas de rexeneración que se están a realizar nesta zona.

Obxectivo do convenio

O acordo ten por obxecto paliar as consecuencias da inactividade das zonas de produción que abranguen aos bancos marisqueiros destas zonas catalogadas como zona

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

C para recuperar a súa calidade. O plan inclúe actividades de limpeza de mexillón e retirada de algas, a retirada e o transporte dos produtos resultantes da limpeza, accións de remoción e aireación do substrato e o traslado de moluscos bivalvos desde as zonas de fixación cara aos bancos de maior taxa de crecemento.

O acordo conta coa participación e colaboración dos mariscadores, que coordinan e controlan a distribución e realización dos traballos, baixo a supervisión dos técnicos designados pola consellería. Deste xeito, Mar persegue contribuír á mellora das capacidades organizativas dos mariscadores e implicar o sector a medio e longo prazo na mellora da xestión do marisqueo, tendendo ao obxectivo da xestión autónoma e sustentable.

MAR IMPLICA AS 62 CONFRARÍAS GALEGAS NO DESENVOLVEMENTO NORMATIVO DA LEI DE PESCA

- *A Consellería do Mar asinou un convenio por importe de 220.000 euros coa Federación Galega de Confrarías para fomentar a implicación do sector a través da realización de reunións nas que se debatan as normas legislativas que se están a modificar*

Tras a entrada en vigor, o pasado mes de decembro, da nova Lei de pesca de Galicia, a Consellería do Mar traballa no desenvolvemento da súa normativa, un traballo para o que está a contar coa opinión directa de armadores, mariscadoras, mariñeiros da baixura e outros colectivos maioritarios dentro das confrarías e do sector en xeral.

De cara a fomentar este debate entre o sector, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o departamento que dirixe Rosa Quintana e a Federación Galega de Confrarías para que realicen reunións nas que debatan as propostas e fagan as alegacións e suxestións aos diferentes borradores normativos que se lles presenten e que estimen oportunas.

Deste xeito, Mar implica as 62 confrarías de Galicia na elaboración dos diversos textos e normativas que afectan o propio sector, como a regulamentación dos permisos de explotación, das artes e aparellos, a normativa de alternancia de artes ou a normativa reguladora da pesca deportiva, entre outros.

A través deste convenio, a Federación Galega de Confrarías encargárase de realizar as reunións nos distintos pósitos de toda Galicia para a coordinación e posta en común dos datos recollidos neses encontros, que serán presentados á Consellería do Mar. Estas xuntanzas –arredor de 100- servirán para canalizar as propostas, nunha primeira fase, e para elaborar as alegacións e suxestións, nunha segunda fase. O departamento que dirixe Rosa Quintana destina 220.000 euros á organización destas actividades que fomentan a implicación do sector no desenvolvemento das normativas que van marcar o seu futuro.

Este convenio é unha mostra máis do bo diálogo que existe entre a Administración e o sector e do interese da consellería de procurar o consenso adaptándose aos tempos e ás necesidades reais dos profesionais do mar. Ademais, o traballo en conxunto coas confrarías permitirá corrixir os baleiros e carencias da anterior normativa.

A XUNTA DE GALICIA PEDIRÁ COMPARECER NA CAUSA ABERTA CONTRA O EMPREGO DE DINAMITA NA PESCA PARA VELAR POLO CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

O Consello da Xunta autorizou hoxe a comparecencia na causa aberta contra o emprego de dinamita na pesca do cerco no marco da "Operación Abuelo". Este operativo, levado a cabo pola Garda Civil, coñeceuse a semana pasada trala detención de varios mariñeiros e a incautación de distinto material coma a dinamita relacionada coa pesca ilegal.

Como xa se avanzou dende a Consellería do Mar, o obxectivo desta solicitude é a de poder acceder ao expediente e conseguir toda a información antes de tomar ningunha decisión en relación coa investigación que segue aberta e que se está levando a cabo desde a semana pasada. Como responsable en materia ambiental e de xestión dos recursos mariños, a Xunta cre necesario implicarse no procedemento para velar polo estrito cumprimento da lei en beneficio da totalidade dos cidadáns.

A Xunta de Galicia lamenta a existencia deste tipo de prácticas ilegais e felicita a maioría do sector polo uso e emprego de boas prácticas acordes cunha pesca responsable.

UNIFICAR OS ÓRGANOS DE DEFENSA DA COMPETENCIA PERMITIRÁ AUMENTAR AS INSPECCIÓNS E MELLORAR O CONTROL PARA EVITAR PREXUÍZOS AOS CONSUMIDORES

- *O presidente do Tribunal reducirá o salario para cobrar como un director xeral e os vogais non terán dedicación exclusiva*
- *A conselleira de Facenda informou ao Consello da Xunta sobre a tramitación do anteproxecto de lei reguladora do Consello Galego da Competencia*
- *Adapta a normativa galega á estatal para poder exercer novas competencias e fortalecer a independencia do órgano galego*
- *O Goberno central terá que solicitar informe preceptivo a Galicia cando unha concentración económica incida na autonomía*
- *O Consello Galego da Competencia tamén terá un maior control sobre as axudas públicas que se concedan na comunidade*
- *Poderá efectuar propostas para promover unha maior competencia efectiva nos mercados*
- *Tamén poderá impugnar os actos e disposicións de rango inferior á lei das administracións autonómica ou locais cando obstaculicen a competencia efectiva*

A unificación dos órganos de defensa da competencia en Galicia permitirá unha actuación máis intensa no control da competencia nos mercados, incrementando os labores de inspección e investigación de oficio, así como o seguimento da actuación da Administración pública en temas que poidan afectar a libre competencia.

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, informou hoxe ao Consello da Xunta sobre a tramitación do anteproxecto de Lei reguladora do Consello Galego da Competencia, pendente do ditame do CES, unha norma que, grazas a esta maior intervención, producirá melloras na calidade dos bens e servizos que ofertan as empresas, evitando acordos de prezos ou sobre as condicións de produción, que prexudicarían os intereses dos consumidores.

Os órganos de defensa da competencia teñen como finalidade fundamental a persecución e sanción das condutas contrarias á libre competencia, favorecendo así a eficiencia e un maior benestar dos consumidores e usuarios.

Ata agora e desde o ano 2004 en Galicia existen dous órganos de defensa da competencia. Por un lado, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), organismo autónomo de carácter administrativo, e, por outro, o Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC), unidade da Secretaría Xeral e do Patrimonio, con rango de subdirección, que realiza ademais funcións de apoio técnico xurídico.

A Lei estatal 15/2007 creou a Comisión Nacional da Competencia como órgano único e introduciu cambios que afectan todo o sistema de defensa da competencia español. Ademais, prevé que as comunidades autónomas exerzan máis competencias, o que fai

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

conveniente coordinar ambas as normas, incorporando na lei galega as que xa aparecen na do Estado.

Por iso, é necesario adaptar a estrutura dos órganos galegos aos cambios institucionais, substantivos e procedimentais introducidos pola lei española, o que fortalecerá a súa independencia. O Estado ten competencia exclusiva sobre a lexislación substantiva de defensa da competencia, mentres que ás comunidades autónomas lles corresponde as de execución sobre as condutas anticompetitivas que teñan efectos dentro do seu territorio.

Novas competencias

A lei estatal habilita as autonomías para exercer novas competencias, pois achega unha maior colaboración no control de concentracións económicas, que é competencia exclusiva do Estado. Así, cando a concentración incide de modo significativo no territorio dunha comunidade a Dirección de Investigación debe solicitar informe preceptivo á autonomía afectada. Na regulación anterior o órgano do Estado podía pedir o informe, que non tiña carácter preceptivo nin vinculante. Igualmente permite ás comunidades autónomas ter un maior control sobre as axudas públicas nese territorio.

Tamén, coa nova lei, o Consello Galego da Competencia poderá intervir, sen ter condición de parte, por iniciativa propia ou por instancia do órgano xudicial correspondente, nos procedementos abertos sobre cuestións relativas ás condutas prohibidas previstas na norma.

Igualmente a partir da aprobación da nova lei poderá emitir informes sobre cuestións relativas á defensa da competencia, a petición do Parlamento de Galicia, do Consello da Xunta e dos seus conselleiros, así como das corporacións locais. Tamén emitirá informe preceptivo sobre os proxectos de lei e outras normas autonómicas que poidan ter algún efecto sobre a competencia efectiva nos mercados.

Por outra banda, este órgano asumirá a función de elaborar informes sobre os distintos sectores económicos, que poden incorporar propostas de liberalización, desregulación ou modificación normativa. Ademais, incorpórase a competencia de asesoramento, ao poder efectuar propostas á Consellería de Facenda, para elevar ao Consello da Xunta, se é o caso, sobre liñas de actuación orientadas a promover unha maior competencia efectiva nos mercados.

O Consello Galego da Competencia poderá impugnar os actos e disposicións xerais de rango inferior á lei das administracións públicas autonómica ou locais que obstaculicen a competencia efectiva nos mercados. O seu persoal terá condición de axente de autoridade e poderá realizar os labores de inspección que regula a lei do Estado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CADA FAMILIA GALEGA PAGARÁ 275 EUROS MÁIS AO ANO EN IMPOSTOS POLA SUBA DO IVE APROBADA POLO GOBERNO CENTRAL

- *Mercar unha vivenda nova será 1.460 euros máis caro a partir de hoxe*
- *A Xunta de Galicia última unha rebaixa dos seus impostos vinculados á vivenda para mitigar no posible este impacto*
- *O Executivo autonómico vinculará os beneficios fiscais na rehabilitación á presentación de facturas como medida desincentivadora da fraude no IVE*
- *Os técnicos advirten de que este incremento afectará principalmente os colectivos con menor poder adquisitivo, como son pensionistas e mileuristas*
- *Esta suba do IVE retraerá o consumo e consecuentemente afectará de maneira negativa ao emprego*

Unha familia galega pagará un total de 275 euros máis ao ano en impostos a partir de hoxe debido á entrada en vigor da suba do IVE aprobada polo Goberno central, que incrementa dous puntos este imposto no tipo xeral, do 16 ao 18%, e un punto, do 7 ao 8%, o tipo reducido.

Así o expuxo hoxe a conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, logo dun informe elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e pola Dirección Xeral de Tributos, que analiza as repercusións económicas que se derivarán desta suba do IVE a partir da Enquisa sobre presupostos familiares do Instituto Nacional de Estadística (INE).

Un dos primeiros efectos deste incremento dos impostos é que este alza se traslade aos prezos, co que tería consecuencias directas sobre o consumidor doméstico. O informe indica que o impacto sobre os cidadáns será diferente. Así, a curto prazo, prexudicará sobre todo os consumidores con rendas medias, producirá unha diminución da renda real das familias, co perigo de que esta circunstancia free o consumo xusto nun momento no que se require o seu despegamento.

Segundo o colectivo de Técnicos do Ministerio de Economía y Hacienda, preto de 26 millóns de persoas que perciben uns ingresos inferiores a 30.000 euros, o 88,7% do total, pagarán boa parte desta suba do IVE aprobada polo Goberno, o que retraerá o consumo que é, pola súa vez, unha das causas do derrubamento da recadación por este imposto no último ano. Este retraemento do consumo afectará consecuentemente de maneira negativa ao emprego.

Estes especialistas tamén alertaron de que este incremento do IVE afectará principalmente os colectivos con menor poder adquisitivo, como son os preto de 18,4 millóns de pensionistas e os mileuristas, que na actualidade representan o 63% dos asalariados e autónomos.

Como consecuencia deste aumento dos tipos do IVE, a compra dunha vivenda nova tipo en Galicia de 100 metros cadrados, que tiña un prezo a finais do primeiro trimestre de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

2010 de 146.000 euros, custará 1.460 euros máis como consecuencia do incremento dun punto deste imposto.

A Xunta rebaixa impostos da vivenda

Precisamente para mitigar no posible este impacto a Xunta está ultimando unha rebaixa dos impostos autonómicos que gravan a vivenda. Así, o Executivo autonómico diminuírá un 25% o imposto de actos xurídicos documentados (IAXD) para a adquisición de vivendas (do 1 ao 0,75%) e un 33% cando se trate da primeira compra para vivenda habitual (do 0,75 ao 0,5%). Ademais, baixará na mesma proporción o IAXD para a constitución de préstamos hipotecarios que financien estas compras.

Dado que a Xunta non ve conveniente as subas impositivas na actual conxuntura económica, Galicia non só non incrementará o tipo de gravame na transmisión de vivendas usadas (de 7% ao 8%) para corrixir o desequilibrio provocado por esta suba do IVE que grava a vivenda nova, senón que rebaixará o tipo que corresponde ao IAXD que deben satisfacer estas vivendas novas. Ademais do evidente aforro fiscal, estas medidas contribúen a que o sistema fiscal aplicable en Galicia sexa máis neutral respecto á elección entre vivenda nova ou usada.

Ademais, a experiencia demostrou que subas impositivas no medio dunha recesión alimentan a fraude fiscal. Por iso, a Xunta vai impulsar unha baixada dun 15% do imposto de transmisións patrimoniais (do 7 ao 6%) para compra de vivendas que vaian ser obxecto de rehabilitación ou reforma.

Esta acción servirá como medida desincentivadora da fraude fiscal no IVE correspondente ás operacións de rehabilitación, xa que a aplicación do tipo reducido do 6% se vinculará á presentación das correspondentes facturas. Isto, á súa vez redonda nunha maior recadación por este imposto cuxo rendemento está cedido a comunidade autónoma nun 50%.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O SERGAS UNIFICARÁ NUN SÓ NÚMERO A ATENCIÓN TELEFÓNICA SANITARIA, MELLORANDO O SERVIZO QUE DÁ Á POBOACIÓN E OPTIMIZANDO OS RECURSOS DISPOÑIBLES**

- *Cando os usuarios chamen para pedir unha cita ofreceráselles a posibilidade de realizar unha consulta telefónica a persoal sanitario que podería solucionar directamente o seu problema*
- *O teléfono único aproveitará a potencialidade das novas tecnoloxías, incorporando un sistema de recoñecemento automático para a asignación de algunhas das citas previas de Atención Primaria*
- *A Consellería de Sanidade converterá o teléfono do centro de saúde en porta de entrada do sistema*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou hoxe os membros do Consello da Xunta sobre a implantación do Centro de Servizos Sanitarios Multicanle, o teléfono único do Servizo Galego de Saúde, destacando que, co obxectivo de mellorar o servizo para a poboación, unificarase a atención telefónica sanitaria a través dun só número en toda Galicia.

Así, a Consellería potenciará o número de teléfono de cada un dos centros de saúde como porta de entrada ao sistema e centralizará os números de teléfonos actuais nun número único de atención Sanitaria na Comunidade; a través destes, os usuarios poderán solicitar citas para atención primaria, realizar unha consulta telefónica con persoal sanitario e, no futuro, realizar calquera trámite e consulta telefónica relacionada co ámbito sanitario.

Entre as novidades desta iniciativa destaca que cando un usuario que chame para pedir cita se lle ofrezca a posibilidade de realizar unha consulta telefónica a persoal sanitario que podería solucionar directamente o seu problema. A implantación deste servizo suporía así unha optimización dos recursos dispoñibles, xa que aliviaría a presión asistencial ao tempo que facilitaría o acceso dos usuarios ao sistema sanitario evitándolles desprazamentos innecesarios.

Así mesmo, co obxectivo de ampliar o horario de atención, incorporárase un sistema automático de recoñecemento de voz tanto en galego como en castelán. Esta solución implica o aproveitamento das novas tecnoloxías para facer máis eficiente un servizo no que aproximadamente o 85% das solicitudes son estándar e, polo tanto, susceptibles dunha sinxela automatización.

A conselleira destacou así mesmo que se evitará a obriga de utilizar un 902 para a solicitude de cita de atención primaria, o que redundará nun aforro para o usuario. Neste sentido, sinalou que se ten previsto que "no caso da cita, os usuarios poderán decidir libremente se queren contactar co novo teléfono único ou se prefiren chamar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

directamente ao seu centro de saúde: o sistema admitirá ambas as entradas e o nivel e calidade de atención será o mesmo en ambos os casos”.

Pilar Farjas resaltou a flexibilidade e versatilidade da nova solución telefónica, xa que queda aberta a que, no futuro, se lle poidan ir incorporando novos servizos, máis aló daqueles cos que se pretende iniciar o proxecto. Farjas destacou tamén que o modelo proposto se ten deseñado “garantindo ao cento por cento” o contido do traballo dos membros do persoal de servizos xerais que actualmente prestan os seus servizos nos centros de saúde posto que, ao igual que sucedeu noutras comunidades nas que se ten implantado este sistema, unha porcentaxe das chamadas seguirán requirindo a interlocución directa cun operador. Deste xeito, descárgase de presión financeira o sistema evitando a utilización de plataformas exteriores. Doutra banda, a centralización dos teléfonos sanitarios nun único número, supón un exercicio de ordenación e racionalización do acceso telefónico á sanidade.

Situación actual

O teléfono é a principal porta de acceso ao sistema sanitario: cada ano, aproximadamente 13 millóns de usuarios –con doce millóns de citas e un millóns de consultas telefónicas e urxencias atendidas- entran en contacto cos recursos asistenciais públicos a través deste medio.

Polo tanto, a atención telefónica condiciona a axilidade e prontitude na prestación da maior parte da atención sanitaria, a equidade na atención entre as diferentes zonas xeográficas, a adecuada información á poboación sobre os recursos que ten á súa disposición, a satisfacción do usuario e a propia imaxe do sistema sanitario.

Na actualidade, o Servizo Galego de Saúde conta con dous números de teléfono asistenciais –o 061 para urxencias médicas e o 902 400 116 para consultas non urxentes e información puntual- e con distintos teléfonos de cita de Atención Primaria. Neste caso, existe a central de chamadas Saúde en liña (902 077 333), que dá servizo ao 52%, e o 902 077 066 que atende a un 2% da poboación, mentres que o resto dos cidadáns chaman directamente ao centro de saúde.

Neste sentido, a conselleira definiu a situación como “mellorable”, xa que o sistema está fragmentado, con exceso de números que provocan confusión entre os usuarios; non equitativo, debido a que a calidade da resposta depende dos horarios dos centros; é limitado e pouco dinámico; e resulta pouco eficiente, ao non aproveitar as potencialidades das novas tecnoloxías.

“A atención telefónica sanitaria en Galicia require dun exercicio de racionalización - indicou Pilar Farjas-. Non obstante, actualmente estanse a prestar servizos telefónicos de alta calidade que deben aproveitarse e potenciarse no futuro”. Como exemplos, destacou os números de Urxencias Sanitarias, o servizo de consulta sanitaria telefónica e a central Saúde en liña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Obxectivos**

Así, segundo o informe presentado hoxe pola responsable da carteira sanitaria do Executivo autonómico, o Servizo Galego de Saúde, para mellorar a súa atención telefónica, vai unificar o acceso telefónico, potenciando o centro de saúde como entrada ao sistema e conservando un teléfono único para toda a atención sanitaria - incluída a consulta sanitaria telefónica- para toda a Comunidade; estender, uniformar e ampliar o servizo de cita de atención primaria a toda a poboación de Galicia; mellorar a eficiencia mediante sistemas que permitan automatizar os procesos de menor valor engadido sen prexudicar a calidade; aproveitar ao máximo os recursos; e deixar aberta a posibilidade de poder xestionar no futuro novos servizos a través deste teléfono.

Para isto, a Xunta quere apostar por unha estrutura que permita aproveitar as vantaxes das novas tecnoloxías, incorporando un sistema de recoñecemento automático de voz (IVR). Segundo sinalou a conselleira, este proxecto tense establecido con éxito noutras comunidades autónomas, como Cataluña ou Castela e León, e presenta importantes melloras, como unha maior eficiencia económica, unha mellor cobertura -xa que permite ampliar o servizo a 24 horas o día, os 365 días do ano- e unha menor variabilidade, cunha maior estabilidade da actividade ao longo da semana.

A proposta de Sanidade supón, ademais, dunha solución flexible, xa que permitirá aos usuarios escoller libremente como solicitar a súa cita de Atención Primaria -ben chamando directamente ao seu centro de saúde, ben a través do teléfono único- e quedará totalmente aberto á incorporación de novos servizos e funcionalidades.

Así, estas medidas permitirían que o usuario contactase co número único para calquera xestión relacionada coa sanidade -dándolle tamén a opción de chamar directamente ao seu centro de saúde-, que o persoal administrativo dos centros de saúde puidese dar citas -optimizando deste xeito os recursos técnicos e humanos cos que xa conta o sistema público- e que o IVR atendese -tanto en galego como en castelán- as citas estándar, utilizándose inicialmente para as citas de médicos de familia e pediatras.

O 97,2% DAS ANALÍTICAS DO PROGRAMA DE VIXILANCIA SANITARIA DAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO DA XUNTA DERON COMO RESULTADO CUALIFICACIÓN DE AUGA APTA PARA O CONSUMO

- *Durante o ano 2009 realizáronse 240 inspeccións sanitarias, 1.853 analíticas de vixilancia sanitaria e 11.037 determinacións de cloro libre residual nas 564 zonas de abastecemento censadas*

O 97,2% das analíticas do Programa de vixilancia sanitaria das augas de consumo deron como resultado unha cualificación de auga apta para o consumo, o que supón unha mellora con respecto ao ano 2008, cando a porcentaxe era do 93,1%. Así se desprende dun informe presentado hoxe pola conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, na xuntanza semanal do Consello da Xunta, no que se recolle que o grao de cumprimento do Programa galego de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano durante o ano 2009 foi satisfactorio.

Durante o ano 2009 realizáronse 240 inspeccións sanitarias, 1.853 analíticas de vixilancia sanitaria e 11.037 determinacións de cloro libre residual nas 564 zonas de abastecemento (ZA) censadas.

A Consellería, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, executa este programa no marco normativo da Directiva 98/83/CE do Consello de 3 de novembro de 1998, relativa á calidade das augas destinadas ao consumo humano, que foi incorporada ao ordenamento xurídico estatal co Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

Para establecer a prioridade das actuacións, os abastecementos clasifícanse en tres categorías en función da poboación abastecida e da calidade da auga, con prioridade baixa, media e alta. As actuacións dentro do programa compóñense da inspección sanitaria dos abastecementos e da vixilancia da calidade da auga nas redes de distribución dos abastecementos coa determinación do cloro libre residual e a realización de analíticas de mostras de auga.

Das 564 ZA, o 53% do total correspóndese con abastecementos de prioridade baixa, o 41% con abastecementos de prioridade media e o 6% con abastecementos de prioridade alta. Con respecto ao ano 2008, diminuíu a porcentaxe de prioridade media, aumentando á vez a porcentaxe de abastecementos con prioridade baixa, o que supón unha mellora na calidade sanitaria dos abastecementos.

Así mesmo, no que se refire ás determinacións de cloro libre residual, obtívose que en 2009 o 82,3% do seu total foron conformes coa lexislación vixente, aumentando esta porcentaxe con respecto ao ano 2008, xa que entón era do 80%. Dentro das non

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

conformidades, o 12,2% do total das determinacións foron por non ter cloro libre residual e o 5,5% por un exceso de cloro libre residual.

Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo

O informe presentado hoxe por Pilar Farjas fai referencia así mesmo ao Sistema de información nacional de augas de consumo (SINAC), que é unha aplicación informática relativa ás ZA e ao control da calidade da auga de consumo humano de uso obrigatorio para todas as partes implicadas na súa subministración.

Así, recóllese que o 31 de decembro de 2009 existían 465 zonas de abastecemento no SINAC, o que supón o 82% de todas as zonas das que se fai vixilancia sanitaria dentro do Programa galego de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano. A dispersión xeográfica de Galicia fai que a maior parte das ZA dadas de alta se correspondan con poboacións de menos de 5000 habitantes (o 75,8%). O 79% dos concellos galegos teñen algunha ZA dada de alta no SINAC, representando a poboación abastecida por estas ZA o 93% dos cidadáns galegos, segundo os datos do INE.

No ano 2009 os xestores dos abastecementos introduciron 10.575 boletíns analíticos, e a cualificación sanitaria das mostras foi auga apta para o consumo no 99,1% dos boletíns analizados. Nestes fixéronse un total de 148.256 determinacións paramétricas, detectándose uns 3.789 incumprimentos paramétricos e sendo a súa maioría parámetros indicadores da calidade da auga (98,2%) tales como o pH, o cloro libre residual e a cor.